

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 23 DE NOVEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 48 DE DATA 16 DE NOVEMBRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 48/2015 da sesión da Xunta de Goberno Local de data 16 de novembro de 2015, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para taller de reparación de vehículos agrícolas na parcela sita no Castro s/n - Gresande – Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 18/11/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 377,89 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.



2.2.- Acordouse corrixir o erro detectado no informe técnico de data 08/10/15, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2015, polo que se concedeu licenza de obra para galpón para usos agrícolas-forestais na parcela sita en Xar - Barcia – Lalín.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a execución do proxecto de cambio de gas combustible GLP por gas natural -Fase II- en Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 13/11/15 por importe de de 473,37 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- BASES QUE REXERAN O CONCURSO DO PREMIO ALDEA SINGULAR DO CONCELLO DE LALÍN.

4.1.- Acordouse aprobar as Bases que rexerán o concurso do Premio Aldea Singular do Concello de Lalín 2015.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 17.925,87 € máis a partida de 3764,43 € correspondente ao IVE, con destino á reparación e substitución dos elementos danados da Instalación Contra Incendios do Aparcamento Público Municipal e contratar coa empresa **CEXNOR TECNIC, S.L.** .

5.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.903,31 € (IVE incluído), con destino á subministración e posta en funcionamento dos elementos danados do Sistema de control e vixilancia interior do Aparcamento Público Municipal e contratar coa empresa **SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.**

5.3.- Acordouse aprobar o “Informe do estado actual das obras de reparación efectuadas no paseo do río Pontiñas, e actuacións a efectuar antes do remate do prazo de garantía”, redactado polo arquitecto técnico municipal e notificar ó técnico director facultativo así como a empresa Rafer S.L, para solucionar as deficiencias atopadas no prazo máximo de 3 días.



5.4.- Acordouse aprobar o *“Informe do estado actual das obras do edificio polideportivo-multiusos Lalín Arena e reparacións a efectuar antes do remate do prazo de garantía”*, redactado polo arquitecto técnico municipal e notificar á empresa GAIA LALIN ARENA, así como ó técnico director facultativo para solucionar as deficiencias atopadas no prazo máximo de 3 días.

5.5.- Acordouse aprobar o informe do arquitecto técnico municipal de data 20 de novembro de 2015 en relación á solicitude de devolución da fianza definitiva núm. aval 8919/209 do Banco Popular por importe de 4.803,70 euros da obra *“Melloras en sistemas de depuración en zona rural e acondicionamento paseo fluvial pontiñas”*, á empresa Rafer S.L.

6.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

6.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 10 da obra **“PROYECTO MODIFICADO DA REHABILITACION DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN”** presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **40.099,23 €**.

7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 23 de novembro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **52.790,78 euros**.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos de persoal, no período comprendido entre o 02/07/2015 e o 01/10/2015, por importe de 4.225,08 €, cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida para a contratación de 1 socorrista ao abeiro das bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, por un período de 3 meses.

8.2.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos de contratación de 34 traballadores correspondentes ao PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015 por importe de 150.104,70 € e remitir á



Secretaría Xeral

Deputación de Pontevedra para a oportuna xustificación da axuda concedida, quedando á súa disposición, para o seu exame, os xustificantes correspondentes.

8.3.- Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras do Plan Urxente de Mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, solicitando a reinversión da baixa producida na execución da obra “Pavimentación de camiños en Santiso, Erbo, Lebozán e outros” no desenvolvemento das seguintes obras:

- “EQUIPAMENTO DIVERSO E REORDENACIÓN DOS APARCAMENTOS NA NOVA BIBLIOTECA DE LALÍN”, por importe de 40.219,51€.
- “ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E SERVIZOS”, por importe de 21.780,00 €.


8.4.- Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras do Plan Urxente de Mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, solicitando a reinversión da baixa producida na execución da obra “*Aglomerado en rúa F, Pintor Laxeiro e rúa Molinera*” no desenvolvemento da obra: “SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NA RÚA MOLINERA – CONCELLO DE LALÍN”, por importe de 3.605,41 €.

8.5.- Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras do Plan Urxente de Mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, solicitando a reinversión da baixa producida na execución da obra “*Abastecemento a Puxallos e Mellora da Rede Viaria en Madriñán e Santiso*” no desenvolvemento da obra: “SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO LUGAR DA IGREXA, PARROQUIA DE SANTISO”, por importe de 3.701,39 €.

8.6.- Acordouse aprobar unha axuda de desprazamento de 3,00 €/día, abonable ós/ás usuarios/as do programa integrado que participen nas prácticas profesionais non laborais en empresas programadas, con efectos dende o mes de novembro de 2015. Sendo o custo destas axudas imputable á subvención concedida.

8.7.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 4.497,84 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro de 58 m³ de formigón de planta a empregar na execución da obra do aparcadoiro no contorno do pazo de Liñares, a realizar polo O.E. Pazo de Liñares. Imputable á partida 2418.609.05 do presuposto municipal vixente e contratar ca empresa General de Hormigones o subministro do material.

8.8.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 8.828,16 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro de 384 ml. de lousas de pedra de granito moreno silvestre para a conformación de rigolas, a realizar polo O.E. Pazo de



Secretaría Xeral

Liñares, na execución da obra do aparcadoiro no contorno do pazo de Liñares. Imputable á partida 2418.609.05 do presuposto municipal vixente e contratar ca empresa MANUEL FONDEVILA ALVARELLOS (Mamolería Fondevila) o subministro do material referenciado.

8.9.- Acordouse aprobar a concesión de dúas axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade polos importes de 195 e 250 euros.

8.10.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 25,52 €.

8.11.- Acordouse aprobar a solicitude de cambio destino e de modalidade diaria a modalidade semanal do solicitante en relación ás bonificacións para o uso do transporte de estudantes durante o curso académico 2015/2016.

8.12.- Acordouse aprobar dúas solicitudes de cambio de modalidade diaria a modalidade semanal da solicitante en relación ás bonificacións para o uso do transporte de estudantes durante o curso académico 2015/2016.

8.13.- Acordouse a concesión de posto e aprobación da alta e liquidación para 2 días de 2015 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espéctaculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.



8.14.- Acordouse a **concesión** da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía **co número 09/2013**.

8.15.- Acordouse denegar a concesión do vado permanente para o baixo ubicado na rúa da Ponte, núm. 6.

8.16.- Acordouse proceder a dar de alta no Inventario do Patrimonio Municipal de Lalín, como ben patrimonial, correspondente a terreo dotacional de cesión obrigatoria e gratuíta procedente do proxecto de compensación do Plan Parcial (SR-D) Zona Norte Río Pontiñas coa seguinte *Referencia catastral*: 2241515NH7224S000110.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Acordouse autorizar o uso do Museo Ramón María Aller Ulloa para o vindeiro 24 de novembro de 2015 a partires das 19:30 ata as 22:30, para unha charla sobre o recibo



Secretaría Xeral
da luz.

9.2.- Acordouse autorizar para día 27 de novembro de 2015 dende ás 20:00 horas ata as 22:00 horas unha clavinova do Conservatorio Profesional de Música de Lalín, para o espectáculo musical ofrecido por pianista profesional.

9.3.- Acordouse autorizar, para a inauguración dun local destinado a Perruquería na rúa principal núm. 42, Lalín, a actuación dun grupo de música na devandita rúa entre as 17:00 horas ata as 22:00 horas o día 5 de decembro de 2015.

9.4.- Dáse conta do escrito presentado por usuaria no que comunican a avaría da calefacción da Biblioteca “Varela Jacome” de Lalín, así como o mal funcionamento da Wifi e a falta de luz nos baños, solicitando o arranxo destas deficiencias.

9.5.- Acordouse denegar o uso do pavillón municipal vello, incluída a megafonía, para o día 19 de decembro de 2015, dende as 9:00 horas ata as 19:00 horas co fin de organiza-la celebración dos actos de clausura e entrega de trofeos do Campionato de Raposo Comarca do Deza, puntuable para a Copa Galicia por estar ocupado o pavillón municipal pola instalación das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais que terán lugar o día 20 de decembro de 2015.

9.6.- Dáse conta do escrito presentado polo **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas-Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais**, acordando a suspensión do procedemento de contratación do “*Servizo de telefonía e internet do Concello de Lalín*”, convocado polo Concello de Lalín.

9.7.- Acordouse autorizar o peche, o domingo día 7 de febreiro de 2015 dende as 12 horas do mediodía ata as 10:00 horas da mañá do luns 8 de febreiro de 2015 a rúa Avda. Bos Aires, así como para montar unha carpa na rúa durante este tempo; debido á posibilidade de contar con mal tempo para as seguintes actividades: *Animación na rúa, saída dos cacharelos, degustación na rúa de postres tradicionais do Antroido e realización dunha verbena popular pola noite amenizada cun grupo musical.*

